



Guía Docente

Datos Identificativos					2013/14
Asignatura (*)	Literatura e medios de comunicación	Código	613484010		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística				
Coordinación	Rodríguez Gomez, Luciano	Correo electrónico	luciano.rodriguez@udc.es		
Profesorado	Rodríguez Gomez, Luciano	Correo electrónico	luciano.rodriguez@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Análise crítica especializada das relacións entre o discurso literario e os medios de comunicación.				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer a tipoloxía de espazos reservados polos medios de comunicación ao campo literario e as relacións do poder mediático coa literatura, con especial atención ás sociedades con concorrencia de sistemas literarios.	AM2 AM3 AM5 AM6 AM8 AM10 AM12	BM1 BM3 BM4 BM5 BM6	CM6 CM7
Coñecer e manexar as ferramentas de recursos de investigación deste campo, así como os principais focos de información e de reflexión teórica relativas aos estudos das relacións entre a literatura e os medios de comunicación, e saber integrar as achegas dos principais grupos investigadores do ámbito académico	AM1 AM2 AM3 AM6 AM8 AM10 AM12	BM1 BM3 BM4 BM5	CM2 CM3 CM5 CM6 CM7 CM8
Concibir e desenvolver un pequeno traballo individual de pesquisa, rigoroso e orixinal, en que se analise de maneira especializada ora as tensións centro-periferias do sistema literario que se producen nos "media", ora os novos modelos repertoriais que se someten a sanción desde os medios de comunicación alternativos.	AM2 AM3 AM4 AM5 AM6 AM7 AM9 AM10 AM12 AM13	BM1 BM3 BM4 BM5 BM6 BM7 BM8 BM9	CM1 CM3 CM6 CM8



Traballar en pequenos grupos para seleccionar e comentar exemplos significativos de literatura hipertextual ou da relación das culturas minorizadas da nosa contorna coa internet.	AM2 AM3 AM4 AM7 AM9 AM10 AM12 AM13	BM1 BM6 BM8 BM9	CM3 CM4 CM6
Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.	AM2 AM10 AM13	BM1 BM4 BM5 BM9	CM3 CM6 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Poder mediático e literatura	1.1. Espazos literarios nos medios de comunicación. 1.2. Cal é a función do crítico?: W. H. Auden. 1.3. Variantes da crítica: a crítica académica e a crítica militante ou de actualidade. 1.4. Os medios de comunicación en sociedades de concorrencia de sistemas literarios.
2. Literatura e crítica	2.1. Estrutura do texto crítico. 2.2. Métodos de análise. 2.3. Rexistros da crítica segundo os xéneros xornalísticos e literarios. 2.4. Algunhas calas na crítica do s. XX en Galicia: suplementos literarios e revistas.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	6	0	6
Traballos tutelados	0	26	26
Lecturas	0	25	25
Eventos científicos e/ou divulgativos	4	0	4
Sesión maxistral	10	0	10
Atención personalizada	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Ao longo de varias das sesións do curso desenvolveranse discusións moderadas polo profesor sobre algún dos aspectos do temario.
Traballos tutelados	O alumnado realizará un traballo tutelado que o profesor precisará individualmente.
Lecturas	Será preciso realizar nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas, así como as necesarias para a elaboración do traballo e das discusións.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Acompañarase, presencialmente ou através de ferramentas de comunicación asíncrona, eventos científicos e divulgativos relacionados cos contidos da materia.



Sesión maxistral	O alumnado deberá asistir ás aulas teóricas presenciais en que o profesor presentará conceptos e estratexias que posteriormente se desenvolverán nas sesións prácticas e cuxo coñecemento será esixido para a superación da materia.
------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Traballos tutelados	Através destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos ou destrezas. Prevese que entre o alumnado haberá diferenzas salientábeis tanto en canto á súa familiarización con conceptos e termos desenvolvidos nas aulas, como en canto ás habilidades para o manexo de ferramentas informáticas. É por iso que se prevé desenvolver unha atención personalizada para as prácticas na aula e mais para o traballo que desenvolverán de forma individual.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	A participación activa e con argumentos madurecidos e criativos nas discusións dirixidas presenciais representará o 20% da cualificación final.	20
Traballos tutelados	O traballo invidiual representará o 60% da cualificación final. Terase en conta a presentación dentro dos prazos (5%), a utilización de bibliografía e outro material complementar fornecido nas aulas (5%), así como a calidade do mesmo (50%).	60
Lecturas	As lecturas avaliaranse através do traballo individual tutelado e da incorporación madurecida dos seus contidos tanto ás discusións dirixidas.	20

Observacións avaliación

<p>Non será posíbel superar a materia sen realizar o traballo tutelado.</p> <p>Os/as alumnos/as que teñan matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica deberán poñerse en contacto co profesor para que os informe do traballo que deberán realizar.</p> <p>En caso de non acadar o aprobado ou non presentarse, os/as alumn@s contan cunha segunda oportunidade en xullo. Nela deberán completar as actividades e/ou traballos avaliábeis encomendados e non entregados, ou realizar outros novos segundo as indicacións do profesor.</p>

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Garcia Diniz, Luiz Antonio (2005). "Cibercultura e literatura: hipertexto e as novas arquitecturas textuais", en Alea. Estudos neolatinos vol. 7 no. 2. Rio de Janeiro- Fernández Castillo, Carolina (2009). "La condición postmedia: nuevas posibilidades narrativas en la era digital", en Martínez Díaz e Navío Castellano (eds.) Literaturas de la (pos)modernidad, 163-178. Madrid: Editorial Fragua- Werner, Michael (1994). "La place relative du champ littéraire dans les cultures nationales", en Espagne, Michel e Werner, Michael, eds., Philologiques III. Qu'est ce qu'une littérature nationale? Approches pour un. Paris: Éditions de la Maison de Sciences de l'Homme- Sapiro, Gisèle (2007). "Pour une approche sociologique des relations entre littérature et idéologie". Contextes, "L'idéologie en sociologie de la littérature (fev. 2007) (accesíbel en http://contextes.revues..- Gullón, Germán (2008). "¿Es legítima la crítica literaria?", en Una venus mutilada. La crítica literaria en la España actual, 129-149. Madrid: Editorial Biblioteca Nueva- Casas, Arturo (Coord.) (2004). Elementos de crítica literaria. Vigo, Ed. Xerais
----------------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Vilariño Picos, M. T. (2004). "Literatura e novas tecnoloxías", en Casas, A. (coord.) Elementos de crítica literaria, 615-650. Vigo: Xerais- Ródenas de Moya, D (2009). "Literatura y periodismo", en Rico, Gracia e Bonet (eds.) Literatura y Bellas Artes, 261-287 . Madri: Biblioteca Nueva- Figueroa, Antón (2002). "Literaturas minoritarias: autonomía e relacións interliterarias", en Anuario de estudos literarios galegos, 2002, 55-67.- Sontag, Susan ((1994) / (1996)). Against interpretation / Contra la interpretación. London: Vintage / Madrid: Santillana- Ródenas, Domingo (eds.) (2003). La crítica literaria en la prensa. Madrid: Marenostrum- Casanova, Pascale (2001). La República mundial de las Letras. Barcelona: Anagrama- Vega, M. J. (ed.) (2003). Literatura hipertextual y teoría literaria. Madrid: Marenostrum- Vilariño Picos e Abuín González (comp.) (2006). Teoría del hipertexto. La literatura en la era electrónica. Madrid: Arco Libros
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías